


A PREVENCIÓN de Riscos Laborais no Sector Marítimo Pesqueiro...



...é cousa de todos.

Medidas preventivas

Colisión ou
afundimento

Sinala, para chamar a atención, todo perigo, obriga, indicación ou saída, e evita distraccións no porto.

Afogamento

Realiza operacións de mergullamento só se recibiches formación específica e información dos riscos aos que estás exposto. Revisa previamente o equipo de mergullamento. Evita inmersións moi repetitivas e mergúllate sempre en compañía doutra persoa.

Caída de
persoas á auga

En caso de mal tempo, non traballes só na embarcación. Extrema a precaución con cambios bruscos de rumbo e velocidade.

Queimaduras

Extrema a precaución na sala de máquinas debido á presenza de vapores e zonas quentes. Permanece na sala só o tempo xusto e necesario.

Exposición a
axentes biolóxicos

Durante a manipulación de capturas, realiza unha eliminación adecuada de refugallos. Infórmate sobre as especies mariñas potencialmente perigosas.